FORO
# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 5 | Edición nº 49 | Xaneiro de 2022 | PRECIO 2 EUROS

Máis de 400 visitas guiadas no Museo do Viño en 2021
Páxina 2

Presentado o proxecto pioneiro "Miño Destino Navegable"
Páxina 3

PP Ponteareas pide mesa de diálogo sobre o novo Centro de Saúde
Páxina 4

O Club Natación Ponteareas triunfa no Campionato Galego
Páxina 7

Entregados os Galardóns "Síntete Covelo 2021"
Páxina 11

Presentado o libro-USB Meniños Cantores 2, nas Neves
Páxina 12



## Mondariz soluciona a crise de débeda relacionada co Centro de Día

páxina 10

## Portugal - Alto Minho

Portugal: Eleições Legislativas 2022
Páxina 13

Melgaço quer farmácias a funcionar toda a noite
Páxina 14

Alto-Minho: Dr. Francisco Sampaio... bem haja
Páxina 16

Passeios de barco entre Monção, Valença e Galiza
Páxina 16



# Máis de 400 visitas guiadas no Museo do Viño en 2021




O Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, situado dentro do Castelo de Dona Urraca, no municipio de Salvaterra de Miño, rexistrou en 2021 un claro aumento no número de visitas con respecto ó ano anterior, grazas o respiro que neste verán e outono deu a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, dando como resultado máis de 400 itinerarios guiados.

Como consecuencia desta axeitada e profesional xestión, o Museo da Ciencia do Viño consegue por segundo ano consecutivo a distinción Q de Calidade Turística que confírmao como un referente de turismo enolóxico a nivel estatal.

# Arranxos na Biblioteca da Casa de Cultura de Vilacoba



Na Casa Multiusos de Vilacoba foron levadas a cabo obras de mellora da aula destinada á biblioteca, coa colaboracións das familias. Este espazo é agora idóneo para facer actividades culturais, para ler e estudar. O concello, que persegue por en valor e dar vida as infraestruturas municipais, agradece a colaboración das persoas que participaron no proxecto.

# Salvaterra conxela as taxas municipais do 2022

Impostos como rodaxe de vehículos, saneamento, auga e vados de aparcamento manterán o seu importe un ano máis para reducir a presión económica sobre os contribuíntes. A rebaixa fiscal aplicarase no imposto de rodaxe de vehículos cunha bonificación do 50% aos vehículos eficientes. Haberá un desconto do 30% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. Outro 30% de desconto será para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de conxelación no Imposto de Actividades Económicas. Estas medidas foron adoptadas dentro do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible aprobado polo Concello.

# O autobús de doazón de sangue estará en Salvaterra o 20 de xaneiro

A unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estará en Salvaterra de Miño, na Praza do Concello, o xoves 20 de xaneiro en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 21 horas.

Cada día os hospitais galego precisan entre 400 e 500 doazóns de sangue para manter a súa actividade, e a colaboración da poboación é fundamental.

# Arrancan as obras de mellora de mobilidade peonil na EP-4006 en Leirado

Arrancaron as obras de mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado, unha obra que ascende a 186.000 euros e que está financiada nun 80% pola Deputación de Pontevedra (148.800 €) e nun 20% polo Concello de Salvaterra.

As actuación servirán para mellorar a seguridade e mobilidade das persoas ao realizar un camiño escolar seguro cara o colexio de Leirado. Ademais, executarase unha senda peonil de 2,5 m de ancho dende o CEIP ata o cruce coa PO-402, reducirase a velocidade a 30 km/h diante do centro escolar e executarase un paso sobreelevado para dar acceso ao alumnado do colexio de forma segura.



Tamén se creará unha beirarrúa de formigón coloreado que dea continuidade ao itinerario peonil e unha zona de estacionamento de autobuses segura e ben delimitada á beira do colexio. Finalmente, as obras contemplan a execución dunha nova rede de pluviais, amais dunha nova capa de rodadura e novo pavimento, pintado e sinalización horizontal e vertical.






# Presentado o proxecto pioneiro "Miño Destino Navegable"



Como unha homenaxe á idea pioneira do ex alcalde de Salvaterra de Miño Arturo Grandal, as Eurocidades Salvaterra-Monção e Tui-Valença presentaron este 17 de decembro, no embarcadoiro de Salvaterra, o proxecto "Miño Destino Navegable" como destino turístico singular dentro da marca "Visit Río Miño/Minho".

Participaron a alcaldesa de Salvaterra Marta Valcárcel, Antonio Barbosa, presidente da Câmara Municipal de Monção; José Carpinteira, presidente da Câmara Municipal de Valença do Minho; Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui; Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Turismo; Arturo Grandal, ex alcalde de Salvaterra; Uxío Benítez, deputado da Deputación de Pontevedra e representante da AECT Río Miño/Minho, o Comandante Naval do río Miño, Pablo Redondeo, e outras autoridades municipais e provincias galegas e portuguesas e representantes dos sectores turísticos.

Entre os socios deste proxecto, ademais das dúas eurocidades anteriormente citadas, están igualmente incluídos a Dirección de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, Turismo de Galicia e Porto e Norte de Portugal. Estas rutas turísticas para potenciar o entorno do Río Miño conta coa participación de fondos europeos POCTEP valorados en mais dun millón de euros.

# Rematadas as obras de rehabilitación do palco da música de Leirado



O Concello de Salvaterra, a través das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia, ven de rematar as obras de rehabilitación e consolidación do Palco da Música de San Roque en Leirado, que a través da súa liña II financian obras de rehabilitación en palcos de música, co fin de acondicionar, rehabilitar ou substituír parcial ou totalmente aqueles elementos tradicionais que forman parte deles e estén en estado de deterioro.

# Servizos Sociais de Salvaterra reparte máis de 15.000 quilos de alimentos

O Concello de Salvaterra de Miño, a través do departamento de Servizos Sociais e do programa de alimentos, repartiu este ano máis de 15.000 quilos de alimentos entre os usuarios do programa municipal, onde son atendidas unha media de 30 familias.

Todos os meses faise un reparto, por un lado cos alimentos procedentes de Cruz Vermella, que neste ano entregou máis de 9.000 quilos, alimentos e produtos adquiridos polo propio Concello e os dos doados por empresas locais e veciños. No mes de decembro faise unha entrega especial pola época de nadal, sobre todo naquelas familias onde hai nenos e nenas, con agasallos e produtos para as festa, co fin de que poidan desfrutar destas datas con toda a maxia e ilusión.

# O pavillón renovado



O Concello ven de rematar as obras de acondicionamento e renovación da pista de xogo do Pavillón "Cándido Carrera". Cambiouse, puliuse e barnizouse a tarima e pintáronse as liñas que delimitan as superficies deportivas. É un dos mellores pavillóns de toda a contorna e conta con pistas para fútbol sala, balonman, bátminton, baloncesto, patinaxe e outros deportes. Úsano o CEIUP Infante Felipe, a AMPA e 4 asociacións.



# PP Ponteareas pide mesa de diálogo sobre o novo Centro de Saúde



No derradeiro Pleno Municipal de 2021 tratouse unha Moción presentada polo grupo municipal do PP que pedía ao Goberno bipartito a creación dunha Mesa de diálogo para decidir a mellor ubicación na que construír o novo Centro de Saúde que para Ponteareas anunciou a Xunta de Galicia.

De acordo aos "populares", unha opción sería en terreos na contorna do Centro de Saúde actual, no barrio das Cachadas por enriba do Regato da Venda; outra das ubicacións posibles é no Alto da Gloria, na carretera que vai As Neves a man dereita; un terceiro terreo sería na Carretera de Guillade, enfrente a Clínica San Miguel, e finalmente unha última opción que estaría nunha parte da parcela de Granitos, concretamente dentro do edificio de Aceros del Tea.

O PP considera necesario este proxecto para que a Xunta constrúa un centro de saúde de 5.060 metros cadrados, con máis espazos para consultas de adultos e pediátricas, cun espazo para unha unidade de saúde mental, e con novas consultas e base para o 061, entre outras.

**O Psoe aposta por "Aceros"**

Mentres o BNG e ACIP agardan as indicacións dos técnicos para determinar onde podería ser ubicado o novo centro de saúde, o PSOE de Ponteareas, a posición é clara e concisa: a mellor ubicación é Aceros del Tea.

A alcaldesa, Cristina Fernández, xa está facendo as xestións coa Xunta para coñecer as características que debe reunir o terreo para o novo centro de saúde e "unha vez se coñezan os aspectos técnicos necesarios, poderemos decidir de entre os terreos que cumpran as condicións. E antes de tomar a decisión, haberá participación social."

Para o BNG, agora, o que urxe é que a Xunta dote de persoal o centro de saúde actual, que está nunha situación límite, coa pediatría colapsada por ter que atender a toda a comarca e coas citas canceladas por falta de persoal.

# A San Silvestre recolle máis de 1.500 kg de alimentos



A carreira de San Silvestre de Ponteareas, este ano con 1000 corredores, converteuse unha edición máis en sinónimo de solidariedade. A concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, informa que se xuntaron 1.541 quilos de axuda destinada ao centro de reparto de alimentos municipal. "Dende o Concello queremos agradecer o traballo dos Taninos Runners para levar adiante esta fermosa iniciativa, das persoas participantes que amosaron o seu lado máis solidario, dos membros de Protección Civil, empresas e comercios locais que colaboraron de diferentes xeitos para que a proba fora un éxito.

# PP Ponteareas: "N-120, variante e hostalería, prioridades para 2022"

O Grupo Municipal do PP solicitou ao goberno bipartito BNG-PSdeG que entre os novos propósitos do ano 2022 téñase en conta loitar contra a falta de investimento do executivo central en referencia ás melloras da N-120 e a construción dunha nova entrada a Ponteareas desde a autovía, a famosa variante de Ponteareas.

Os populares tampouco queren que se deixe atrás a sectores tan importantes como son o Comercio e a Hostalería por iso propoñen ao bipartito "máis diálogo e que finalice o caos de obras, tráfico e demais decisións sen consenso que o bipartito a través do seu edil nacionalista, Roberto Mera, levou a cabo nos últimos meses".

# Día das Persoas Usuarias das Bibliotecas

A Biblioteca Pública Municipal de Ponteareas celebrou o 11 de xaneiro o Día das Persoas Usuarias das Bibliotecas, para render homenaxe a todos aqueles que desfrutan deste servizo e "fomentar a lectura entre toda a veciñanza".

Así, a biblioteca recoñeceu aos e ás súas usuarias co nomeamento das persoas con máis préstamos no ano 2021 tanto na categoría infantil como na de adulto, agasallando cun lote de libros e marcapáxinas a todas e todos os asistentes.


Aridos do Mendo, s.l.

Mendo áridos e formigóns





Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

## Editorial

**Guillermo Rodríguez. Director**



# Todos os porcos teñen o seu San Martiño

Téñoo dito un montón de ocasións e tamén o teño escrito varias veces: os medios de comunicación son contaminantes.

Cando o responsable dun medio permite que se publiquen artigos e informacións que sabe que son falsas, está cometendo un terrible atentado á información dos cidadáns que non teñen a capacidade de comprobar se o que están lendo ou escoitando é verdade ou non.

Pero agora, nestes novos tempos que nos toca vivir, entra en escena un novo artista que supera a todos os anteriores coa súa capacidade de influencia: internet, os twuits (ou como se diga), nunha palabra, as redes sociais.

Este preámbulo ben a conto do balbordo que se montou e segue no escenario polas declaracións do Ministro de Consumo, Sr. Garzón sobre as granxas de porcos: extensivas e intensivas.

Pero antes de entrar no meollo da cuestión adiantemos uns cantos datos que non se discuten.

“España 2030” é un documento presentado polo Estado Español para falar dunha estratexia a longo prazo para adaptarnos a nova coxuntura climática. Aquí xa se aborda a necesidade dun descenso na inxesta de carne (o famoso chuletón de Pedro Sánchez), para os próximos anos. Recentes estudos indican que a poboación española ten un consumo de carne de entre dúas e cinco veces superior ao recomendado.

A famosa revista The Lancet puña o dedo na chaga ao anunciar unha redución das dietas cárnicas para mitigar a subida global de temperatura e reducir a pegada do carbono no sector alimentario. “O consumo mundial de froitas, verduras, vexetais, froitos secos e legumes debería duplicarse; o consumo de alimentos como a carne vermella e o azucre deberían reducirse máis do 50%”.

Ben, o ministro de Consumo Sr. Garzón declarou no xornal inglés The Guardian que denuncia o maltrato animal nas granxas intensivas (ou sexa, as que están entre 3.000 e 5.000 porcos encerrados nunha nave e alimentados con pienso) que producen unha carne de baixa calidade que se destina á exportación. Tamén defendeu as granxas extensivas indicando a importancia que teñen no sector agroalimentario español que non contaminan nin a terra nin os mananciais de auga alí onde son instaladas, algo demostrado inequivocamente. Aquí os animais andan soltos e teñen unha alimentación variada e diversificada.



A dereita recortou estas declaracións e montou un bulo no que se afirma que o Ministro declara que España exporta carne de baixa calidade. Obviamente, en plena campaña das eleccións á Presidencia de Castela-León, o actual presidente Fernández Mañueco agarrouse a esas declaracións, manipulounas axeitadamente, e lanzou a consigna de que o Ministro de Consumo falara mal da carne española, atentara contra os gandeiros e que o Presidente tiña que destituílo de inmediato.

Diante desta terxiversación das súas declaracións o ministro Garzón reproduciu nos medios, sobre todo en internet, o texto completo das súas declaracións que o xornal tiña resumido por problemas de espazo. Pero iso non importa: o importante é darlle caña a un ministro e de paso ao Presidente do Goberno coa maléfica intencionalidade de así, mintindo, e manipulando á opinión pública, conseguir que os agricultores de Castela- León, que deben ir as urnas o vindeiro 13 de febreiro, castiguen co seu voto aos socialistas e podemitas.

Pode darlle resultado esta campaña de desinformación? Pode. Simplemente porque os votantes de Castela-León, na súa maioría, non se deteñen a comprobar que dixo realmente o Ministro e que versión lle queren facer tragar os partidos, sobre todo, os da dereita.

O máis triste de todo isto é que o propio Presidente do Goberno non tivera agallas para defender ao seu Ministro que se limitou a facer públicas as instrucións do propio Goberno Central nas que aposta polas granxas de porcos extensivas e ponlle data de caducidade as intensivas que foron as que, precisamente, fixera alusión o Ministro de Consumo, Sr. Garzón.

Este tipo de bulos, aos que se agarran os políticos que están en campaña electoral, sen importarlle que hai de verdade ou mentira no seu contido, son os instrumentos utilizados para chegar ao Poder, sabendo que se o alcanzan terán que desdicirse de inmediato porque así llelo vai esixir o guión europeo no que se defende unha mellora do medio ambiente, aínda que a dicir verdade, pouco se lle nota.

En resume, os cidadáns asistimos a unha pelexa de galos aos que aplaudimos esperando a ver quen da os golpes máis fortes aínda que estean fora do regulamento.

As redes sociais, que poden ser aproveitadas para moitas cousas, tamén poden ser un veleno mortal para que saibamos a verdade das cousas. Só os que se molestan en chegar ao fundo dos problemas e das declaracións dos políticos de turno poden estar debidamente informados. Os demais, os que se deixan levar polos bulos (as veces estupendamente construídos) estarán sempre ao albor deses políticos que a falta de propostas serias e con futuro só se dedican a desmentir, insultar e, o que aínda é peor, presentarse como salvadores sobre cuestións que saben perfectamente non teñen nada que facer porque, simplemente, veñen marcadas por instancias superiores, léase UE, á que, desgraciadamente, non temos opcións políticas en exercicio nin esperando tomar o relevo que se atrevan a discutir o que se coce en Bruxelas.

Polo tanto, eu quero dende aquí animar a todos que non se deixen manipular nin polos de Laíño ni polos de Lestrove. Que se informen tranquilamente, e que logo, serenamente, valorando os pros e os contras tomen as decisións correspondentes. Pero, por favor, non deixen que lles tomen por carne de canón.

Fagamos valer os nosos dereitos a ser informados con honestidade e con verdade; é o mínimo que podemos e debemos esixir aos nosos gobernantes.

Sexan felices e cóidense moito.

FORO A PENEIRA

*Director:* Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e correción**: *Montserrat Rodríguez*
*cursosespanhol.cep@gmail.com*

*Edita:* Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
*Imprime:* Publicaciones Tameiga S.L.
*Publicidade:* Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
*Deseño e maquetación:* Fran Eiró

*Colaboradores:* Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

*Depósito legal:* VG 226-2018

# O Concello arranca a campaña "O noso comercio é parte de ti. Merca aquí, Ponteareas gaña"




O Concello de Ponteareas quere incentivar as compras no comercio local co lanzamento da campaña "O noso comercio é parte de ti. Merca aquí, Ponteareas gaña". Durante a presentación desta iniciativa, a alcaldesa, Cristina Fernández, destacou o traballo da Federación do comercio, hostelería e servizos Banastra para axudarnos a sacar adiante "esta campaña en positivo, orixinal, pedagóxica e eficaz para promocionar o noso comercio".

A campaña de promoción iníciase coa distribución de 5.000 dípticos e 500 carteis onde se recollen as virtudes do comercio local para animar ás persoas consumidoras a facelo en Ponteareas. Na campaña saliéntase que "no comercio local hai de todo, de calidade e confianza e co mellor servizo e a mellor atención", ademais de poñer en valor que "todo o comercio está a man e a poucos minutos, nun entorno agradábel con áreas peonís para mercar paseando e con facilidades para estacionar de balde en aparcamentos e rúas con zona azul".

A alcaldesa, Cristina Fernández, explicou que a campaña é o resultado "do compromiso e do acordo acadado entre o goberno e as asociacións de comerciantes nunha reunión celebrada o 2 de decembro pasado".

# Ponteareas convoca por primeira vez subvencións para as entidades que realizan eventos deportivos

Ponteareas acolleu durante os últimos anos varios eventos deportivos de envergadura, que a colocan como unha das capitais do deporte galego. O Concello, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas disciplinas, así como da súa importancia para o municipio como impulso económico e promocional da vila, acaba de lanzar por vez primeira unha subvención de 15.000 euros para apoiar ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro que realizan eventos deportivos na localidade.

O concelleiro de Deportes, Miguel Bouzó, destaca que con estas axudas "queremos colaborar con todos os clubs deportivos que desenvolveron un gran traballo organizando actividades deportivas seguras en plena pandemia, e tamén polo seu labor de fomento e difusión do deporte en Ponteareas". A concesión desta subvención será en réxime de concorrencia competitiva e teranse en conta varios factores como o carácter e ámbito do evento, o número de deportistas que participaron, o historial deportivo ou o interese público da actividade. A documentación para solicitala está dispoñible na web do Concello e o prazo de solicitudes é de 10 días naturais.

# Sergio de Arcos, terceiro premio no Certame Xuventude Crea 2021

O Concello de Ponteareas, a través do concelleiro de Cultura, Fernando Groba, felicitou ao artista ponteareán Sergio de Arcos que por segundo ano consecutivo fíxose co terceiro premio na modalidade de banda deseñada no Certame Xuventude Crea 2021, que busca a visibilización do talento e da creatividade da mocidade galega. De Arcos gañou este galardón dotado con 1.000 euros polo seu traballo 'O xermolo da roseira', no que o xurado valorou a orixinalidade da historia e as ilustracións en canto á relación co texto, a novidade do debuxo e a calidade artística.

O artista ponteareán xa gañou o pasado mes de agosto o premio fin de curso da escola O Garaxe Hermético polo seu manga 'Mental Process: Trust', escrita polo guionista Sam, compañeiro do Garaxe Hermético, e que impresionou ao xurado polo seu coidado debuxo e historia. Con estes premios, De Arcos súmase así ao gran grupo de artistas de



éxito desta especialidade en Ponteareas, como Pablo Prado e Anémona de Río.

# A Policía Local dispón de imaxes do vertido de aceite na praza de Bugallal

O Concello de Ponteareas informa de que a Policía Local dispón de imaxes do momento no que se produciu o vertido deliberado de aceite sobre o pavimento da Praza de Bugallal o pasado mes de setembro. Nas imaxes obtidas obsérvase a un individuo, varón, camiñando polo espazo e portando un recipiente cuxo contido líquido vai vertendo ao longo do seu percorrido dende a rúa Morales Hidalgo ata a rúa Senén Canido.

As imaxes permiten observar o rostro do autor dos danos así como outras características físicas.



As imaxes foron facilitadas pola Policía Local á Garda Civil para que os seus servizos científicos poidan mellorar a súa calidade e definición permitindo así a correcta identificación do autor do vertido.

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS
Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvponteareas.es
886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.
C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com
Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

CLOS
Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070
www.closzapateria.com
Clos Zapateria

## O Club Natación Ponteareas triunfa no Campionato Galego Absoluto celebrado en Lugo



O equipo feminino do club ponteareán proclamouse campión absoluto da competición, deixando unha marxe de puntos na clasificación conxunta que o equipo masculino mantivo ata o último día pero que ao remate das tres xornadas de campionato non puido conservar. Así, o CN Ponteareas quedaba subcampión galego por equipos por detrás do campión galego, o CN Galaico.

## Entregados os premios do concurso "Pontepenedo"



O certame convocado por primeira vez polo Concello de Ponteareas a través da Concellaría de Lingua ten a finalidade de pór en valor os elementos do patrimonio natural da vila, divulgalos e fomentar a creación artística a través da fotografía. Patricia Fernández González con 'Noite máxica' recibiu o primeiro premio de 300 euros. O segundo, de 200 euros, foi para Analía Martínez Caride pola súa imaxe 'Camiño que me leva a ti', mentres que o terceiro premio, de 100 euros, foi para María José Prado Gregores por 'Parte traseira do penedo'. Patricia Fernández González repite vitoria coa foto 'Vermello', coa que acadou o cuarto premio.

## Lucia Piñeira e Ismael Romero, campións da Copa de Galicia de Descenso




A corredora da categoria Cadete Feminino, Lucia Piñeira, proclamouse Campioa da Copa de Galicia das modalidades de ciclismo de Enduro e de Descenso. Ismael Romero, proclamouse Campión da Copa de Galicia de Descenso.

Ismael Romero e Lucia Piñeira recibirán un galardón como Campións de Galicia de Enduro e DH, na Gala do Ciclismo Gallego, que se celebrará proximamente.

Se es amante do Enduro, Dh ou Xco, non dubides en contactar con eles para Federarte na próxima tempada 2022, a través do seu email pontebiketeam@gmail.com ou do Telf: 653461257.

**Máis información na nosa web**
**www.novasdoeixoatlantico.com**



# O PSOE acusa a PP e ACIP de tapar a súa falta de traballo político por Ponteareas coa crispación e a confrontación

A concentración levada a cabo en Ponteareas o pasado 16 de decembro provocou o posicionamento dos grupos políticos da corporación. Así o PSOE de Ponteareas manifestou que a concentración "non é un reflexo da realidade en Ponteareas. Foi convocada por Comerciantes Tea, unha asociación minoritaria codirixida pola edil do PP Lina Costas". O partido socialista quere significar a postura da maioría de comerciantes de Ponteareas que pertencen á Federación de comercio e hostalaría Banastra, que non secundou esta concentración.

"O PP e ACIP comezaron a precampaña electoral buscando a confrontación e xerando discordia entre comerciantes e usuarios que o que precisan non é unha campaña para destruír o comercio senón campañas para potenciar o noso tecido empresarial e comercial, sobre todo nestas datas de nadal", afirman dende o Partido Socialista. "Se a Sra. Lina Costas, está tan preocupada polo comercio da vila , por que non presentou nesta lexislatura nin unha soa proposta para o comercio local? Porque ao PP non lle interesa traballar para Ponteareas, só traballa cando hai eleccións. Por que ACIP, que sen criterio propio súmase á proposta de manifestación do PP non solicitou ningunha reunión de goberno para buscar actuacións de mellora para o comercio local? A resposta é a mesma. Tan só lles moven intereses políticos",

O PSOE aposta por un novo centro de saúde no casco urbano para dinamizar o comercio local entre outras vantaxes que tería esta localización. O PSdG-PSOE o que sí espera é que tanto PP como ACIP apoien esta iniciativa que, entre outras, contribuirá a revitalizar o comercio e a hostalaría da nosa vila.



## O PP solicita respecto cara ás persoas que se manifestaron

O Grupo Municipal do PP de Ponteareas solicita respecto cara a todas as persoas que se manifestaron no centro de Ponteareas, máis de 600 veciños, reclamando ao goberno local BNG-PSOE diálogo e solucións ante os problemas xerados pola falta de planificación coas humanizacións, peonalizacións, cambios de sentido e a falta de diálogo.

"Non entendemos a actitude do concelleiro nacionalista Roberto Mera, que no canto de recoñecer os erros e achegar solucións, prefire tachar de "ignorantes" nun artigo de opinión a todas as persoas que acudían á concentración e manifestaron a súa opinión sobre a falta de diálogo e os problemas que xeraron as novas peonalizacións.

## A unidade móbil de doazón de sangue en Ponteareas

Ponteareas acollerá esta semana dúas novas xornadas para doazón de sangue. A concellaría de Saúde, que dirixe a alcaldesa Cristina Fernández Davila, informa que a unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estará na vila os vindeiros días 14 e 15 de xaneiro para todas as persoas que desexen achegar a súa pinga de solidariedade.

O autobús estará situado na Avenida de Galiza, na parte traseira da Casa do Concello, en diferentes horarios. O día 14 as persoas interesadas poderán acudir a doar sangue de 10.00 a 14.30 e de 16.30 a 21.00 horas, mentres que o día 15 poderán ir de 10.00 a 15.00 horas. Para maior axilidade recoméndase pedir cita previa chamando ao teléfono gratuíto 900 100 828.


















# O GDR Condado-Paradanta financiará seis proxectos da comarca

A Asociación de Desenvolvemento Rural (GDR) do Condado Paradanta aprobou os proxectos subvencionables ao abeiro do Programa Leader Galicia 2014-2020, xestionado polo propio GDR a través da Consellería do Medio Rural. Son un total de seis as iniciativas orientados ao desenvolvemento socioeconómico da contorna, que suman unha inversión de 890.325,10 euros dos cales 409.417,64 euros serán subvencionables.



Unha construción de apartamentos turísticos, a instalación dunha pista de padel en Vilasobroso, e una nova liña de produción de compost vexetal a partir da xestión circular de restos forestais son os tres proxectos produtivos propostos para recibir a axuda, a cal suporía, nos tres casos, o 50% do importe presentado, sumando un total de case 320.000 euros. Por outra banda, no apartado de proxectos non produtivos, consideráronse outras tres propostas: o cambio de uso de auditorio a sala TIC multifuncional no Centro Sociocultural de Mouriscados (Mondariz), o acondicionamentos da casa do pobo de Baldomar (Covelo) para aulas TIC e coworking, a adquisición de un vehículo para o programa Achego de Avelaiña Saúde Mental e o apio a mobilidade e persoas con diversidade funcional das Esclavas de la Virgen Dolorosa; neste caso a porcentaxe da axuda é do 90% do importe aceptado, e suman entre os tres preto de 100.000 euros.

Nesta convocatoria 2021-2022 presentáronse un total de 26 proxectos, deles 6 serán os subvencionables, 8 quedaron en lista de agarda e a ducia restante foron desfavorables e desestimados.

**Gala do Dinamizador Rural**

Por outra banda, o GDR Condado Paradanta vén de celebrar os II Premios ao recoñecemento ao dinamizador rural. A Gala de entrega de premios celebrouse na Escola de Música de Rubios, As Neves. A través destes premios o GDR quere recoñecer o traballo que, de forma altruísta, realizan entidades e/ou persoas físicas en prol da defensa e posta en valor do patrimonio do Condado Paradanta. Nesta segunda edición trece foron as candidaturas presentadas. A Asociación Lazoiro foi a recoñecida a nivel territorial, con un premio en metálico de 1000 €. Tamén houbo un recoñecemento por concello.

# ACiP denunciou o "lamentable" estados dos aparcadoiros públicos



O voceiro de Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP), Juan Carlos G. Carrera, denunciou "a situación catastrófica na que se mantiveron todos os aparcadoiros públicos da cidade durante a época de Nadal", sen contar cun mantemento adecuado nun momento de vital importancia anual do comercio local.

Así mesmo, criticou a "nula planificación e a inexistente comunicación dentro do equipo de goberno" ante as necesarias reparacións destes aparcadoiros con motivo da tempada de choivas, así como a "falta de interese" por parte do goberno bipartito BNG-PSdeG polo pequeno comercio, toda vez a propia Alcaldesa, Cristina Fernández, presentou unha campaña de promoción do comercio local o día 29 de decembro precisamente despois de Noiteboa, unha das datas de maior incremento de facturación.













# Mondariz soluciona a crise de débeda relacionada co Centro de Día



O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aceptou a proposta do Goberno de Mondariz para fraccionar o pagamento das partidas correspondentes a 2017 e 2018 en 25 meses, despois de que unha sentenza declarara ilegal a retención deses 92.500 € efectuada polo Fondo de Compensación en 2020.

Así, as cotas semestrais correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021 están pagadas, e a débeda histórica de 92.500 euros, correspondente aos anos 2017 e 2018, foi renegociada formalmente para unha devolución fraccionada en 25 meses, entre xaneiro de 2022 e xaneiro de 2024.

Aínda así, en xullo de 2020 foi notificado que os 92.500 euros correspondentes aos anos 2017 e 2018 serían retidos dos ingresos que debía recibir o Concello a través do Fondo de Compensación Interterritorial. Esta decisión obrigou ao Concello de Mondariz a interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra a resolución do director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda a mediados de setembro de 2020 que, en abril de 2021, o Tribunal de Xustiza de Galicia resolveu favorablemente por defectos de forma e outras irregularidades detectadas no procedemento. Nesta sentenza declarábase ilegal a retención da débeda histórica polo centro de día de Mondariz, abrindo un novo período de negociación da mesma co Consorcio.

O paso seguinte será ultimar a xestión da renovación do convenio de colaboración, coa votación do mesmo no Pleno previsto para finais de xaneiro de 2022.

# Mondariz lembrará a figura de Castelao no aniversario do seu nacemento

O Concello de Mondariz prepara para o vindeiro 29 de xaneiro unha xornada de memoria histórica arredor da figura e da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) no auditorio municipal de Mondariz, na que participarán o cineasta Xan Leira e o do escritor Xurxo Martiz, ambos emigrantes galegos retornados con obras relacionadas con Castelao e o exilio galego.

Xan Leira presentará o seu documental "Castelao e os irmáns da liberdade", gravado entre 1999 e 2001. Pola súa banda, Xurxo Martiz presentará a tradución ao galego do libro "Castelao e os vascos", de Iñaki Anasagasti.

